

Martes, 30 de xuño de 2026

Núm. 122

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PAZOS DE BORBÉN****Persoal, oposicións**

RECTIFICACIÓN DE ERRO NAS BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A INFORMACIÓN XERAL-AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA

ANUNCIO

Con data 23/06/2026 se ditou resolución da Alcaldía do seguinte teor:

"Por resolución de Alcaldía nº 396 de data 15/05/2026 se aprobou a convocatoria e as bases de selección para o nomeamento de funcionario/a interino/a dunha praza de coordinador/a información xeral-auxiliar administrativo, escala de administración Xeral, Grupo C-Subgrupo C2, e formación de lista de reserva; anuncio publicado no BOP nº 100 de 28/05/2026.

Advertido erro material/aritmético de transcripción na base 8.1 B) das bases de dita convocatoria.

Ao abeiro do artigo 109.2, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVO:

Primeiro.- Rectificar o erro material producido no art. 8.1 B) das bases de selección para o nomeamento de funcionario/a interino/a dunha praza de coordinador/a información xeral-auxiliar administrativo, escala de Administración Xeral, Grupo C-Subgrupo C2, e formación de lista de reserva, aprobadas por resolución de Alcaldía de data 15/05/2026, nos seguintes termos:

Onde di:

".../... 8.1.—FASE DE OPOSICIÓN Consistirá na realización dos seguintes exercicios: .../...

B) Segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico: Proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio. .../...

Puntuarase de cero (0) a cinco (5) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima decinco(2,5) puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden dita puntuación.

.../..."

Debe dicir:



Martes, 30 de xuño de 2026

Núm. 122

“.../... 8.1.—FASE DE OPOSICIÓN Consistirá na realización dos seguintes exercicios: .../...

B) Segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico: Proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio. .../...

Puntuarase de cero (0) a cinco (5) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de dous con cinco(2,5) puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden dita puntuación.

.../...”

Segundo.- Proceder á publicación da presente resolución de rectificación no BOPPO, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web <https://pazosdeborben.gal>. Manter inalterado o resto do contido das bases de selección así como o calendario do proceso.

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a alcaldía, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.”

O Alcalde, en Pazos de Borbén. Xosé Luciano Otero Camiña

Documento asinado dixitalmente á marxe.

